

## INTRODUCCIÓN E EXPLICACIÓN DO RELATO RADIOFÓNICO

Antonio Fraguas foi un gran defensor do noso patrimonio material e inmaterial. El recollía e espallaba a esencia de cada recuncho, de cada concello, parroquia, aldea ou vila na que atopara calquera recendo cultural e patrimonial.

Co título de “**Polo río abaixo hai...**” as alumnas do IES Pedras Rubias queremos dar a coñecer algún dos aspectos do patrimonio material e inmaterial do concello de Salceda. Os muíños que forman a senda do Caselas van ser o escenario no que se vai basear esta historia real no que a banda sonora vai ser a protagonista e as persoas que falan e que cantan as personaxes principais.

Coa rehabilitación integral dos muíños desta senda, preténdese revivir, non só a parte material, a recuperación das paredes e teitos, senón todo o que se vivía e gozaba dentro deles: o ritmo que produce a moa, os cantares, os bailes, a música, os contos...todo o inmaterial.

As locutoras son alumnas do obradoiro de radio do IES Pedras Rubias de Salceda de Caselas.

Os que cantan son veciños/a de Salceda de Caselas. Non queremos dicir os seus nomes para non rebelar a súa identidade e manter a súa privacidade. Están recollidas e identificadas nun arquivo sonoro realizado no curso 2003 por alumnado do centro dirixido pola mestra Flori Veloso.

O programa pretende informar, suxerir, pero, sobre todo, convidar aos oíntes a visitar os muíños, compartir cos demais o noso patrimonio material-inmaterial da mesma maneira que, no seu momento, o fixo Antonio Fraguas.

Queremos tentar que cada persoa que visite estes muíños, leve consigo algo de memoria, unha parte da súa avoa, do seu avó, dos seus ascendentes... transmitir este patrimonio ás novas xeracións e facelos partícipes da nosa tradición levándoa á modernidade.

---

## DATOS DO CENTRO E PARTICIPANTES

CENTRO EDUCATIVO: **IES PEDRAS RUBIAS**, Pantel s/n, Parderrubias, C.P 36472, Salceda de Caselas.

Tf: 886 120 550 ; Email: [ies.pedras.rubias@edu.xunta.es](mailto:ies.pedras.rubias@edu.xunta.es)

**PROFESORADO:** Flori Veloso Pérez, mestra do obradoiro de radio. Idea orixinal. Dirixe o guión, gravación, edición e montaxe. Tf: 656 803 121

### ALUMNADO: 2º ESO

- **Guionistas do relato e locutoras:** Ainhoa Losada Bua, Lara González Rey, Iria Vaz Gómez e Noelia Cabaleiro Rodríguez.
- **Técnicos:** Anxo Fontán Alonso. Sabela Vázquez Rodríguez, Uxía Blanco Fernández, Candela Pérez Ben.
- **Axudantes nas gravacións :** Laura Barreiro Barrera, Claudia Hermida, Sara Usera